
A BREA DE AVELAÍÑAS

NATUREZA E GOZO

Texto de MICHAEL McCARTHY

Traducción de NEILA GARCÍA SALGADO

Ilustración de sobrecubierta de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 15,5 x 23 cm. 300 pág. 18 €.

[A brea de avelaíñas. Natureza e gozo](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-70-2. Vitamina N. Faktoría K.

[La ventisca de polillas. Naturaleza y gozo](#) (castellano)


ISBN 978-84-16721-71-9. Vitamina N. Faktoría K.

Daquela había grandes cantidades de moitas cousas.
Os xardíns dos arrabaldes estaban acugulados de tordos.
Había lebres brincando por todos os pastos. Os ríos enchiánse
en primavera de enxames asombrosos de efémeras. E as lavercas
ateigaban o aire, e as papoulas, os campos, e, se as bolboretas
asolagaban os días de verán, as avelaíñas asolagaban as noites
de verán, e, ás veces, había tales cantidades de avelaíñas
que chegaban a cubrir por completo os faros do coche
coma folerpas nunha xistra...

«A brea de avelaíñas» é unha obra sobre o cambio climático na que o prestixioso ambientalista Michael McCarthy combina lembranzas, anécdotas e datos rigorosos enfocados á urxencia de frear a perda de biodiversidade. A diferenza doutros libros de temática ambiental centrados na información numérica, este manifesto bebe directamente da memoria conmovedora do autor cando, sendo un neno, xurdiu nel a adoración polos paxaros, as bolboretas...

A natureza salvouno na infancia, marcada polos problemas familiares. Pero os fenómenos da vida silvestre que antano facían feliz, foron perdéndose a causa das extincións masivas. Ante o grave problema do empobrecemento ecológico e dende a súa veterana experiencia persoal, McCarthy fai unha intensa e contundente chamada a deter esa destrución, desterrar a indiferenza da sociedade e pasarmos á acción, apelando a desenvolver o amor polo mundo natural.

A contaminación, a perda de ecosistemas, a desaparición de especies de fauna e de flora, o quecemento global... son ameazas de gran preocupación que precisan comezar a considerar o medio ambiente como un ben intrínseco, un recurso para a saúde física e mental. Porque entre os dons da natureza resalta a súa capacidade para xerar ledicia, deleite e paz interior cando estamos ao aire libre, admirando a beleza dunha paisaxe ou deixándonos sorprender pola grandeza dos seus detalles. Para Michael McCarthy somos plenamente humanos cando pasamos de ser un individuo máis no planeta a sentir amor e respecto polo mundo natural que nos rodea.



■ **Temática:** cambio climático.

■ **Destinatarios:** lectores adultos.

■ **Aspectos destacables:** desenvolvemento do amor e da admiración pola natureza, as cualidades da natureza en beneficio do benestar físico e mental; outros títulos da colección: «[A Torre](#)», «[Corredoira](#)», «[Vitamina N](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-brea-de-avelainhas-g>

Michael McCarthy

(Reino Unido, 1947)

Ecoloxista, naturalista, xornalista e escritor, estudou Lingua Moderna na Universidade de Liverpool. Traballou en medios como Bolton Evening News, Daily Mirror, The Times, The Independent on Sunday e The Independent. Neste último xornal foi editor de medio ambiente e, desde 2015, columnista especializado. Recibiu o Premio ao Xornalista Medioambiental en 1991, 2003 e 2006, a Medalla da Real Sociedade para a Protección das Aves 2007, a Medalla de Prata 2010 da Sociedade Zoolóxica de Londres e a Medalla da Sociedade Británica de Ornitoloxía 2011. «A brea de avelaíñas» foi o seu segundo libro.